

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 09 DE XULLO DE 2020.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E CINCO MINUTOS** do día **NOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia das tenentes de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE** e **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**  
Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- **CERTAME GALEGO DE NARRACIÓNS BREVES “PREMIO MODESTO R. FIGUEIRIDO” ANO 2020.**
- 3º.- **EXPTE. 891/2017 – CONVENIO CO OBRADOIRO CAB E A FUNDACIÓN HERACLES.**
- 4º.- **EXPTE. 774/2020 – SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DO MUSEO DO CAMPO NA REDE DE OFICINAS DE TURISMO “INFO RÍAS BAIXAS”.**
- 5º.- **Expte 366/2020 - CONCESIÓN SUBVENCIÓN APARCADOIRO NO PARQUE EMPRESARIAL POLÍGONO INDUSTRIAL AREA 33.**
- 6º.- **EXPTE. 739/2020. SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENZA E AUTORIZACIÓN INTERURBANA DE TAXI. LICENZA Nº 23.**
- 7º.- **EXPTE. 87/2020. CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA INSTALACIÓN XIMNASIO EN AULA POLIVALENTE DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE.**
- 8º.- **EXPTE. 747/2020. CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DUNHA MÁQUINA PARA COMPACTACIÓN EN OBRAS DE TERRA E ASFALTADO.**
- 9º.- **EXPTE. 792/2020. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, DAS OBRAS “MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA JUAN SALGUEIRO DE SILLEDA”.**
- 10º.- **EXPTE. 803/2020. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, DAS OBRAS “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS VESTIARIOS DA PISCINA E DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SILLEDA”.**
- 11º.- **EXPTE. 2008/2019. CONTROL HORARIO.**
- 12º.- **DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**
- 13º.- **URBANISMO.**
- 14º.- **APROBACIÓN DE FACTURAS.**

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a seguinte Acta:

- 18 de xuño de 2020



## **2º.- CERTAME GALEGO DE NARRACIÓNS BREVES “PREMIO MODESTO R. FIGUEIRIDO” ANO 2020.**

Vista a proposta da Concelleira de Cultura, Turismo, Deporte e Comunicación, Mónica González Conde, de data 02 de xullo de 2020, que transcríbese a continuación:

*“Vista a proposta da Fundación Pedrón de Ouro para que o Concello de Silleda participe no XLVI Certame de Narracións Breves “Premio Modesto R. Figueiredo”*

*Vistas as bases propostas pola citada entidade.*

*Vista a impronta que supón para o Concello de Silleda a participación neste tipo de certames literarios, cunha nómina de autoras e autores gañadores dende o nacemento desta iniciativa no ano 1975, e visto que a entrega de premios está previsto celebrarse en Silleda a finais do ano en curso.*

*Vistas as bases do certame que se transcriben a continuación:*

**BASES XLVI CERTAME GALEGO DE NARRACIÓNS BREVES “PREMIO MODESTO R. FIGUEIREDO” ANO 2020**

### **1.FINALIDADE DO PREMIO**

*A Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro, coa colaboración do Concello de SILLEDA organiza o Certame Nacional Galego de Narracións Breves baixo o nome de “Premio Modesto R. Figueiredo”. Este certame organizase coa finalidade de promover a literatura narrativa en lingua galega e homenaxear ao seu artellador, o avogado pontevedrés Modesto R. Figueiredo.*

### **2.REQUISITOS PARA PARTICIPAR**

*Poderán participar tod@s @s autor@s de calquera nacionalidade, con unha ou máis obras, sempre que estean escritas en lingua galega, sexan inéditas e que non se presentasen antes a ningún outro certame literario.*

### **3.TRABALLOS QUE SE PODEN PRESENTAR**

*Os traballos deben ter un mínimo de cinco e un máximo de trinta páxinas mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara en follas de tamaño DIN-A4. Non obstante, o Xurado poderá reconsiderar esta base se enténdese que a temática ou desenvolvemento lóxico do argumento o precisasen.*

### **4.TEMPO E MODO DE PRESENTACIÓN**

*As persoas que participen deberán enviar os seus traballos por quintuplicado sen remite, ou outra forma de identificación, antes do 20 DE NOVIEMBRE de 2020 a algún destes enderezos:*

**FUNDACIÓN DO PADROADO DO PEDRÓN DE OURO**  
*Premio Narracións Curtas do Pedrón de Ouro*  
*Apdo. de Correos, 627. Santiago de Compostela*

\*\*\*\*\*

*Premio Narracións Curtas do Pedrón de Ouro CONCELLO DE SILLEDA*  
*Rúa do Trasdeza número 55. CP. 36540 Silleda*

Tlf. 986 58 00 00 / Fax: 986 58 10 21  
Rúa do Trasdeza, n.º 55  
36,540 Silleda - Pontevedra

Xunta de Goberno Local do 09 de xullo de 2020 (Expte. 929/2020)

Páxina 2 de



*Para a identificación das persoas premiadas ou para aquelas autoras ou aqueles autores de obras que o Xurado considere apropiadas para publicar, todos os traballos deberán engadir un sobre pechado, cos seus datos (nome, apelidos, enderezo, teléfono ou correo electrónico) e tamén o curriculum vitae de o considerar oportuno. No exterior do sobre só aparecerá o título ou lema da obra.*

*(\*\*\*) Con respecto aos traballos que o Xurado considere merecentes de publicación poderán abrirse as plicas correspondentes para poñerse en contacto cos autores e autoras para que dean o consentimento para publicalos.*

## **5.PREMIOS**

*A obra gañadora será premiada con 1000€ ( suxeito ás obrigadas retencións fiscais). Porén, se o Xurado considera de calidade outras obras, dúas delas máis poderán obter segundos premios que serán de 400 € cada un (e asemade tamén suxeitos ás obrigadas retencións fiscais) . Ademais, o Xurado poderá recomendar a publicación daqueles traballos que así o considere (aínda, que non contarán con premio económico)(\*\*\*).*

*(\*\*\*) En todo caso, a publicación destas obras soamente será posíbel co consentimento das súas autoras ou dos seus autores.*

## **6.XURADO E DECISIÓN**

*O Xurado estará composto por especialistas en crítica literaria designados pola Fundación do Pedrón de Ouro co asesoramento e colaboración das Asociacións de Escritores ( AELG e PEN CLUBE DE ESCRITORES DE GALICIA ) e do Concello de SILLEDA. Así, a Fundación do Pedrón de Ouro reservarase os postos de presidente/a, e secretario/a (este último con voz, pero sen voto).*

*(\*\*\*) Se a calidade literaria das obras non fose estimábel, segundo o criterio do Xurado, o premio poderá declararse deserto.*

*O Xurado reunirse na segunda quincena do mes de decembro e dará a coñecer a obra ou obras premiadas coa apertura de plicas diante dos medios de comunicación. Finalmente, ao remate da decisión do Xurado o/a secretario/a redactará a acta que asinarán todos os membros deste.*

## **7.ENTREGA DE PREMIOS**

*Os premios que obteñan as obras seleccionadas entregaranse nun acto organizado polo Concello de SILLEDA en día e data que se dará a coñecer oportunamente. Os/as autores/as premiados/as terán que recoller persoalmente os seus galardóns.*

## **8.OBXECCÍONS E NORMAS DE INTERESE**

*A Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro reservarase o dereito exclusivo de publicar as obras premiadas na súa primeira edición. O/a autor/a ou autores/as, ao aceptaren estas bases, renuncian voluntariamente aos seus dereitos en favor da Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro.*

*A partir da seguinte edición, as obras son da total propiedade das súas autoras e autores, os/as cales terán a obriga de facer constar que a obra foi premiada no Premio Modesto R. Figueiredo da Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro. As obras non premiadas seranlles devoltas aos seus autores e ás súas autoras se as requiren antes de rematar o mes seguinte á decisión do Xurado. Se ninguén as require, serán destruídas.*

*A Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro é a única entidade con capacidade para decidir en última instancia calquera dúbida que puidese suscitar a interpretación das bases deste certame.*

*O feito de concursar xa obriga ás autoras e aos autores a aceptar as presentes bases deste Certame.*



Por parte da Concellería de Cultura de Silleda propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

*PRIMEIRO: Aprobación das bases do XLVI Certame de Narracións Breves “Premio Modesto R. Figueiredo”*

*SEGUNDO: Abonar a contía do premio, dotado tal e como recollen as bases con 1.000 euros, con cargo á partida 334.226.09, de actividades culturais, do orzamento municipal para o exercicio de 2020.*

*TERCEIRO.-Comunicar dito acordo aos servizos de Intervención e á Fundación Pedrón de Ouro.”*

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA prestar aprobación á proposta da Concelleira de Cultura, Turismo, Deporte e Comunicación, de data 02 de xullo de 2020:

*PRIMEIRO: Aprobación das bases do XLVI Certame de Narracións Breves “Premio Modesto R. Figueiredo”*

*SEGUNDO: Abonar a contía do premio, dotado tal e como recollen as bases con 1.000 euros, con cargo á partida 334.226.09, de actividades culturais, do orzamento municipal para o exercicio de 2020.*

*TERCEIRO.-Comunicar dito acordo aos servizos de Intervención e á Fundación Pedrón de Ouro.*

### 3º.- EXPTE. 891/2017 – CONVENIO CO OBRADOIRO CAB E A FUNDACIÓN HERACLES.

Vista a proposta da Concelleira de Cultura, Turismo, Deporte e Comunicación, Mónica González Conde, de data 09 de xullo de 2020, que transcríbese a continuación:

*“Visto que dende o ano 2017 o Concello de Silleda vén colaborando co Obradorio CAB de baloncesto e a Fundación Heracles na promoción do baloncesto como disciplina deportiva.*

*Visto que ao abeiro deste convenio Silleda vén sendo nos últimos anos a sede do equipo filial do obradoiro (Liga ACB), denominado Obradoiro Silleda, que na vindeira tempada 2020-2021 militarán en liga EBA.*

*Visto que cada vez máis nenos e nenas de Silleda participan nas actividades das escolas deportivas do Obradoiro CAB, formando incluso xa varios equipos.*

*Por parte da Concellería de Deportes propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación do seguinte convenio, a asinar polo alcalde cos responsables do Obradoiro CAB e a Fundación Heracles:*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Raúl José López López, con DNI 33.803.327-C maior de idade en calidade de Presidente do Obradoiro CAB, con CIF G15027402 e con enderezo na rúa Diego Bernal s/n, 15702 Santiago de Compostela.*

*Doutra, D. Manuel Cuiña Fernández, maior de idade, con D.N.I. 52481441H, na súa calidade de Alcalde do Concello de Silleda, con CIF P 36 50200 I e con enderezo na rúa Trasdeza nº 55.*



*E doutra D. José Ángel Casal Fernández, actuando en calidade de Presidente do Padroado da Fundación Heracles, con enderezo na rúa de Diego Bernal, s/n, Multiusos Fontes do Sar, 15702 Santiago de Compostela – A Coruña e con N.I.F. G70427299*

#### INTERVEÑEN

*As partes, recoñecéndose mutuamente a capacidade legal necesaria para acordar e obrigarse, e a suficiente para o que é obxecto do presente acto, nas respectivas calidades con que actúan, conveñen subscribir un Convenio de Colaboración*

#### EXPOÑEN

*Primeiro.*

*Que as partes intervinientes neste convenio teñen como preocupación común a educación e promoción do deporte, fundamentalmente entre a mocidade.*

*Segundo.*

*Situada no corazón de Galicia, Silleda é unha terra hospitalaria onde natureza, tradición e historia únense no territorio de Trasdeza, facendo deste municipio interior unha referencia en áreas coma o turismo. O mosteiro románico de San Lourenzo de Carboeiro ou a Fervenza do río Toxa, o salto máis alto de Galicia en caída libre, son baluartes dun concello tamén vinculado internacionalmente, a Feira Internacional Semana Verde, que levou o seu nome máis aló das súas fronteiras. Bañada polo río Deza, no Camiño cara a Compostela, este municipio está composto por 33 parroquias.*

*O fomento do deporte é unha competencia municipal recoñecida polo artigo 8º da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Este fomento do deporte constitúe un interese específico do Concello de Silleda, polos efectos positivos do mesmo non só para a saúde senón tamén noutros aspectos coma o educativo e o sistema de valores, que afectan a outras competencias municipais e ao conxunto de necesidades e aspiracións da veciñanza.*

*Por este motivo o Concello de Silleda busca ir máis aló do mero fomento de actividades, cunha intervención máis directa xunto con entidades públicas ou privadas para a consecución de obxectivos comúns no ámbito do deporte.*

*Tercero.*

*Tamén é intención das partes acadar a máxima promoción e difusión de Silleda, neste caso a través do deporte.*

*E, por tanto,*

#### ACORDAN

*1.- A vontade de asinar un convenio de colaboración entre o Concello de Silleda, Obradoiro CAB e a Fundación Heracles efectivo para a tempada 2020/2021.*

*2.- Obradoiro CAB e a Fundación Heracles, a través do Convenio de Colaboración con Obradoiro CAB SAD, ofrecerá ao Concello de Silleda os seguintes elementos destinados principalmente á promoción do municipio:*

*a)O Pavillón Municipal de Deportes de Silleda César González Fares será a sede oficial do equipo filial para os partidos de Obradoiro CAB como local.*

*b)O nome oficial do equipo filial de Obradoiro CAB será Obradoiro-Silleda.*

*c)Toda a veciñanza de Silleda gozará dun DEZ POR CENTO (10%) de desconto, acumulábel a calquera outro desconto existente, nos abonos do Obradoiro CAB SAD para ver os partidos da liga ACB, desde a firma do convenio.*



d)O Concello de Silleda gozará de CEN (100) invitacións para un (1) partido da Liga ACB do Obradoiro CAB SAD como local, no Multiusos Fontes do Sar, a elixir, agás os partidos que se establezan no calendario contra Real Madrid e FC Barcelona.

e)O equipo ACB do Obradoiro CAB SAD realizará un adestramento-exhibición, coa posterior sinatura de autógrafos, no Pavillón Municipal de Deportes de Silleda César González Fares, nunha data que se acordará entre as partes asinantes deste convenio.

f)O Concello de Silleda gozará de publicidade na U Televisiva nos previos dos partidos do equipo ACB no Multiusos Fontes do Sar. A animación será proporcionada ao Obradoiro CAB polo Concello de Silleda.

g)O Concello de Silleda terá o seu logotipo corporativo na páxina web do Obradoiro CAB SAD, que enlazará coa páxina web oficial do concello.

h)Todas as partes asinantes deste acordo realizarán una roda de prensa conxunta no Concello de Silleda para a súa presentación.

### 3.- O Concello de Silleda comprométese a:

a)Poñer a disposición do Obradoiro CAB o Pavillón Municipal de Deportes de Silleda César González Fares, sen ningún tipo de custo, para disputar os seus partidos como local do equipo filial, cos requisitos esixidos pola Federación Española de Baloncesto, os cales atópanse detallados no Anexo I deste convenio e na Regra 2 das Regras Oficiais do Baloncesto.

b)Abonar á Fundación Heracles a cantidade de quince mil euros (15.000). A forma de pago efectuarase mediante transferencia bancaria á conta ES23 2080 0375 1930 4001 8467, titularidade da Fundación Heracles, con cargo ao orzamento do exercicio 2021 (elixir polo Concello, sempre antes do 30 de xuño de 2021).

4.- Quedando establecida a coincidencia en canto a consecución de fins, no atinente á promoción do deporte en xeral, e do baloncesto de base en particular, e co obxectivo de coordinar e lograr un óptimo desenvolvemento das actividades incardinadas na Escola de Baloncesto:

a)O Concello de Silleda cede gratuitamente á Fundación Heracles, o uso das instalacións do Pavillón Municipal de Deportes César González Fares para o desenvolvemento das actividades da Escola de Baloncesto (nos horarios previamente pactados), sen perxuízo do recollido no acordo 3.a) do presente.

Esta cesión será en precario, limitarase ato tempo imprescindible para o desenvolvemento das actividades da Escola e poderá ser suspendida en caso de que o Concello precise o uso das instalacións para outras finalidades.

b)A xestión económica, dirección técnica, organización e desenvolvemento da Escola de Baloncesto correrá a cargo da Fundación Heracles. O/s adestradores/as da Escola baixo a dirección Fundación Heracles e será/n nomeado/as e retribuídos por Obradoiro CAB, fixando as condicións de ensinanza e réxime interno.

c)A Fundación Heracles será responsable de que estean debidamente contratados e afiliados á Seguridade Social os adestradores ou monitores, e garantizará a existencia dun seguro de responsabilidade civil.

4.1. Desde este momento créase unha COMISIÓN DE SEGUIMIENTO deste acordo, formada polo presidente da Fundación Heracles, o director de Canteira de Obradoiro CAB e a concelleira de Deportes do Concello de Silleda. Esta Comisión poderá ser obxecto de modificacións, tanto no seu número coma nas persoas que a compoñen, por acordo entre as partes. Corresponderalle á Comisión resolver os problemas de interpretación e cumprimento deste convenio.

4.2 Para a modificación ou prórroga deste convenio precisarase o acordo expreso asinado polas partes.

#### 4.3. Resolución

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado.

E, para que así conste, asinase este convenio en tres exemplares idénticos no lugar e data indicados en el encabezamento.





D. Raúl José López López  
Presidente do Obradoiro CABAlcalde do Concello de Silleda

D. José Ángel Casal Fernández  
Presidente do Padroado da Fundación Heracles

D. José Ángel Casal Fernández  
Presidente do Padroado da Fundación Heracles

## ANEXO I

1. A pista de xogo deberá de ter unha superficie sólida e sen fisuras, podendo estar formada por chan de goma, tarima ou parquet.

2. O campo de xogo estará delimitado polas liñas regulamentarias marcadas pola Federación Española de Baloncesto, que se atopan detalladas nos artigos 2 e 3 da Regra dúas do Regulamento Xeral de Competicións.

3. As canastras poderán estar colgadas ao teito ou ben ser de chan; no caso de ser canastras de chan, a base deberá ter unha separación de dous metros ata a liña de fondo.

4. As canastras deberán estar integradas por aros flexibles e por un taboleiro recortado; debendo coincidir a superficie do antedito taboleiro coa parte inferior da base do aro.

5. Contarase cun taboleiro de reserva na instalación.

6. O pavillón disporá de vestiarios independentes para os equipos e para o corpo arbitral.

7. Agás permiso expreso da Federación Española de Baloncesto, habilitarase un túnel extensible (“verme”) para a saída dos equipos e dos árbitros cara os vestiarios; o antedito túnel será extensible desde os vestiarios ata a liña do campo máis próxima.

8. Para obter a exención do túnel por parte da Federación Española de Baloncesto, a entrada do pavillón acondicionarase de tal xeito que o público poida acceder á bancada sen pasar polo terreo de xogo; do mesmo xeito pecharase o acceso desde a bancada á zona de vestiarios.

9. O pavillón contará cun marcador onde se reflicta a seguinte información: puntos dos equipos, faltas de equipo e tempo de xogo; así como cun marcador de vinte e catro segundos actualizado á normativa (con opción de reiniciar o cronómetro a catorce segundos).

10. Na zona de bancos contarase cunha mesa para os oficiais e cadeiras para eles e para os xogadores que agardan o cambio, bancos suficientes para sentar a todos os integrantes de ambos equipos, unha frecha de posesión alterna e dúas bandeiras para indicar as faltas de equipo.

11. A hora de concesión da instalación deberá de habilitarse o domingo entre as 16:00 e as 20:00 horas.

12. O Concello de Silleda tratará de realizar as melloras recomendadas pola Federación Española de Baloncesto para a participación na liga EBA:

- Adecentar vestiarios.
- Adquirir unha impresora e punto wifi ou tarxeta de datos para o dispositivo móbil a través do cal os auxiliares de mesa realizaran a acta dixital.
- Renovar os paneis transparentes da fachada.
- Amortiguadores para o peche das portas do pavillón.

13. O Concello de Silleda permitirá ao Obradoiro chegar a acordos con diferentes empresas da localidade para colocar publicidade no pavillón a cambio de patrocinios privados.”



A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA prestar aprobación o convenio anteriormente transcrito que será asinado polo alcalde e os responsables do Obradoiro CAB e a Fundación Heracles.

**4º.- EXPTE. 774/2020 – SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DO MUSEO DO CAMPO NA REDE DE OFICINAS DE TURISMO “INFO RÍAS BAIXAS”.**

Vista a proposta da Concelleira de Cultura, Turismo, Deporte e Comunicación, Mónica González Conde, de data 07 de xullo de 2020, que transcríbese a continuación:

*“Vista a Ordenanza Reguladora da Creación da Rede de Oficinas de Turismo “Info Rías Baixas” publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra número 93 de data 15 de maio de 2018.*

*Visto que o concello de Silleda xa se sumou a rede no ano 2018*

*Visto que o obxecto desta iniciativa é a creación e regulación da rede de oficinas de turismo da provincia de Pontevedra co fin de proporcionar nestas un servizo de atención de calidade, cunha imaxe unificada e mellora do grao de satisfacción dos visitantes.*

*Vistos os servizos e vantaxes da citada rede.*

*Visto que Silleda ten o Museo do Campo e a Mecanización para a posta en valor da historia agrícola e gandeira galega, e reflexa a evolución do campo e a súa mecanización. E está no ánimo do Concello de Silleda, como Patrono desta Fundación, o de mellorar a atención aos milleiros de visitantes que se achegan cada ano ata o municipio.*

*Propónse a Xunta de Goberno Local:*

*PRIMEIRO. Solicitar á Deputación de Pontevedra a creación de unha oficina no Museo do Campo do Concello de Silleda á Rede de Oficinas de Turismo “Info Rías Baixas”.*

*SEGUNDO. Dar conta desta resolución á Deputación de Pontevedra así coma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.*

*TERCEIRO. Iniciar os trámites precisos para a súa tramitación.”*

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

PRIMEIRO. Solicitar á Deputación de Pontevedra a creación de unha oficina no Museo do Campo do Concello de Silleda á Rede de Oficinas de Turismo “Info Rías Baixas”.

SEGUNDO. Dar conta desta resolución á Deputación de Pontevedra así coma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

TERCEIRO. Iniciar os trámites precisos para a súa tramitación.





5º.- **Expte 366/2020 - CONCESIÓN SUBVENCIÓN APARCADOIRO NO PARQUE EMPRESARIAL POLÍGONO INDUSTRIAL AREA 33.**

Dase conta da notificación de concesión de subvención remitida pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas (Consellería de Economía, Emprego e Industria), Rexistro de Entrada nº 2285, de data 08 de xullo de 2020, para desenvolver o proxecto denominado “APARCADOIRO NO PARQUE EMPRESARIAL POLÍGONO INDUSTRIAL AREA 33” de Silleda, cun investimento subvencionable de 106.094,95 € e unha subvención concedida do 80% (84.875,96 €).

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA aceptala subvencións anteriormente mencionada e que polo Arquitecto Municipal se proceda a realización do proxecto así como polos servizos técnicos se redacten os pregos para esta obra.

6º.- **EXPTE. 739/2020. SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO A LICENZA E AUTORIZACIÓN INTERURBANA DE TAXI. LICENZA Nº 23.**

Visto o expediente 739/2020, instruído a petición de JESUS MARÍA LAZARA FAILDE, número de rexistro de entrada 1608, de data 02 de xuño de 2.020, titular da licenza de autoturismo clase B) número 23, que solicita autorización para substituír o vehículo co que viña exercendo na actualidade, QUE SERA BAIXA, MATRICULA 6293-CYD por outro, que SERA ALTA, das seguintes características:

- marca MERCEDES-BENZ
- modelo GLC 220 D 4MATIC
- matrícula 7867-JSP
- nº de bastidor WDC2539051F157185

Visto o informa favorable remitido pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade - Xefatura Territorial de Pontevedra - Servizo de Mobilidade, de data 06 de xullo de 2020.

Cumpridos os trámites esixidos polo Regulamento Nacional dos Servizos Urbáns de Transportes en Automóviles Lixeiros, de 16 de marzo de 1.979 e pola Lei 4/2013, do 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

CONCEDER o cambio de vehículo da licenza de autoturismo clase B) número 23, prestándose o servizo co vehículo marca MERCEDES-BENZ, modelo GLC 220 D 4MATIC, matrícula 7867-JSP, nº de bastidor WDC2539051F157185, previo abono das taxas que correspondan.

7º.- **EXPTE. 87/2020. CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA INSTALACIÓN XIMNASIO EN AULA POLIVALENTE DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE.**



Visto que na Xunta de Goberno Local celebrada o 04 de xuño de 2020 acordouse:

*“PRIMEIRO: APROBAR o expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado, para instalación ximnasio en aula polivalente do Centro Cultural Vista Alegre. O valor estimado do contrato ascende á contía de:*

*Presuposto base de licitación IVA excluído: 22.406,34*

*IVA%: 21% 4.705,33*

*Presuposto base de licitación IVA incluído: 27.111,67€*

*SEGUNDO.- Autorizar a contía con cargo á aplicación orzamentaria 341-623, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.*

*TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato, transcritas anteriormente.*

*CUARTO. Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesorería aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.*

*QUINTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Silleda así como na plataforma de contratación do sector público <https://www.contrataciondelestado.es>.*

*SEXTO. Publicar no perfil do contratante así como na web <https://www.contrataciondelestado.es>, toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os pregos. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día a publicación do anuncio de licitación.”*

Visto que tras a publicación de anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Silleda así como na plataforma de contratación do sector público presentáronse ofertas por parte de:

- Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.

Vista a Acta da Mesa de Contratación, celebrada o día 30 de xuño de 2020, na que se sinala:

*“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A “INSTALACIÓN DE UN XIMNASIO NA AULA POLIVALENTE DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA”.*

*Reunidos na sala de xuntas da casa consistorial, o día 30/06/2020 ás 13,15 horas, constitúese a mesa de contratación para a INSTALACIÓN DE UN XIMNASIO NA AULA POLIVALENTE DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA, formada por D. Manuel Cuiña Fernández (Alcalde do Concello), que actuará como presidente; D. Leopoldo Moure Dopico (Interventor do Concello); D. David García Lareo (Secretario accidental do Concello), que actuarán como vogais, e D. Julio Méndez Castro, que actuará como secretario da mesa.*

*Queda a Mesa constituída, e declara admitidas as seguintes proposicións:*

*-Núm. de rexistro de entrada: 1.934 Empresa: GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S. L.*

*Ao non formularse ningunha reclamación, procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación co seguinte resultado nas valoracións dos diferentes criterios de adjudicación:*

**1.- MELLOR PREZO OFERTADO**

*-Empresa: GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S. L.*

*0,01 puntos*

**2.- MAIOR GARANTÍA DOS BENS SUBMINISTRADOS**

*-Empresa: GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S. L.*

*7,00 puntos*



3.- MAIOR RAPIDEZ DE RESPOSTA PARA ATENDER REPARACIÓNS OU CALQUERA PROBLEMA DE FUNCIONAMENTO

-Empresa: GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S. L. 10,00 puntos

4.- MELLORAS NOS PRAZOS DE ENTREGA.

-Empresa: GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S. L. 10,00 puntos

Unha vez valorados todos os criterios, as puntuacións finais quedan da seguinte maneira:

-GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S. L. 27,01 puntos

Polo tanto, vistas as puntuacións correspondentes, a Mesa de contratación propón ao Órgano de Contratación como adxudicataria para a **INSTALACIÓN DE UN XIMNASIO NA AULA POLIVALENTE DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA** á Empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S. L."

Polo exposto, e de acordo a proposta da Mesa de Contratación de data 30 de xuño de 2020, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- ADXUDICAR** o contrato de subministro por procedemento aberto simplificado da "INSTALACIÓN DE UN XIMNASIO NA AULA POLIVALENTE DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA", a empresa **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.**, polo prezo de 22.400,00 € + IVE (4.704,00 €), así como as melloras incluídas na oferta.

**Segundo.-** Requirir a empresa **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.** dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, así como de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

**Terceiro.-** Dacordo co establecido no artigo 107 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a empresa proposta deberá acreditar a constituición da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

**Cuarto.-** Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.

**8º.- EXpte. 747/2020. CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DUNHA MÁQUINA PARA COMPACTACIÓN EN OBRAS DE TERRA E ASFALTADO.**

Visto que na Xunta de Goberno Local celebrada o 04 de xuño de 2020 acordouse:



*“PRIMEIRO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do Contrato de suministro por importe de 32.890,91 € máis IVE de “Unha máquina para compactación en obras de terra e asfaltado”.*

*SEGUNDO.- Autorizar, en contía de 39.798,00 €, o gasto que para este Concello representa a contratación do suministro por procedemento aberto simplificado, con cargo á aplicación orzamentaria 453.624, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.*

*TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas que rexerán o contrato.*

*CUARTO.- Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesorería aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.*

*QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Silleda así como na plataforma de contratación do sector público <https://www.contrataciondelestado.es>.*

*SEXTO.- Publicar no perfil do contratante así como na web <https://www.contrataciondelestado.es>., toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os pregos. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día a publicación do anuncio de licitación.”*

Visto que tras a publicación de anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Silleda así como na plataforma de contratación do sector público presentáronse ofertas por parte de:

- Emsa Maquinaria y Proyectos, S.L.
- Torneiro Maquicoruña S.A.

Vista a Acta da Mesa de Contratación, celebrada o día 30 de xuño de 2020, na que se sinala:

*“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUNHA MÁQUINA PARA COMPACTACIÓN EN OBRAS DE TERRA E ASFALTADO”.*

*Reunidos na sala de xuntas da casa consistorial, o día 30/06/2020 ás 12,45 horas, constitúese a mesa de contratación para a ADQUISICIÓN DUNHA MÁQUINA PARA COMPACTACIÓN EN OBRAS DE TERRA E ASFALTADO, formada por D. Manuel Cuiña Fernández (Alcalde do Concello), que actuará como presidente; D. Leopoldo Moure Dopico (Interventor do Concello); D. David García Lareo (Secretario accidental do Concello), que actuarán como vogais, e D. Julio Méndez Castro, que actuará como secretario da mesa.*

Queda a Mesa constituída, e declara admitidas as seguintes proposicións:

- Núm. de rexistro de entrada: 1.887. Empresa: EMSA MAQUINARIA Y PROYECTOS, S. L.
- Núm. de rexistro de entrada: 2.039 Empresa: TORNEIRO MAQUICORUÑA, S. A.

As non formularse ningunha reclamación, procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación co seguinte resultado nas valoracións dos diferentes criterios de adxudicación:

- 1.- MELLOR PREZO OFERTADO
  - Empresa: EMSA MAQUINARIA Y PROYECTOS, S. L. 57,37 puntos
  - Empresa: TORNEIRO MAQUICORUÑA, S. A. 61,62 puntos
- 2.- MAIOR GARANTÍA DOS BENS SUBMINISTRADOS
  - Empresa: EMSA MAQUINARIA Y PROYECTOS, S. L. 7 puntos
  - Empresa: TORNEIRO MAQUICORUÑA, S. A. 10 puntos
- 3.- MAIOR RAPIDEZ DE RESPOSTA PARA ATENDER REPARACIÓNS OU CALQUERA PROBLEMA DE FUNCIONAMENTO



-Empresa: EMSA MAQUINARIA Y PROYECTOS, S. L. 10 puntos  
-Empresa: TORNEIRO MAQUICORUÑA, S. A. 10 puntos

4.- MELLORAS NOS PRAZOS DE ENTREGA.

-Empresa: EMSA MAQUINARIA Y PROYECTOS, S. L. 1 puntos  
-Empresa: TORNEIRO MAQUICORUÑA, S. A. 10 puntos

Unha vez valorados todos os criterios, as puntuacións finais quedan da seguinte maneira:

-EMSA MAQUINARIA Y PROYECTOS, S. L.. 75,37 puntos  
-TORNEIRO MAQUICORUÑA, S. A. 91,62 puntos

Polo tanto, vistas as puntuacións correspondentes, a Mesa de contratación propón ao Órgano de Contratación como adxudicataria do subministro dunha **MÁQUINA PARA COMPACTACIÓN EN OBRAS DE TERRA E ASFALTADO** á Empresa TORNEIRO MAQUICORUÑA, S. A."

Polo exposto, e de acordo a proposta da Mesa de Contratación de data 30 de xuño de 2020, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- ADXUDICAR** o contrato de subministro por procedemento aberto simplificado de "**MÁQUINA PARA COMPACTACIÓN EN OBRAS DE TERRA E ASFALTADO**", a empresa **TORNEIRO MAQUICORUÑA, S.A.**, polo prezo de 27.100,00 € + IVE (5.691,00 €), así como as melloras incluídas na oferta.

**Segundo.-** Requirir a empresa **TORNEIRO MAQUICORUÑA, S.L.** dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, así como de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

**Terceiro.-** Dacordo co establecido no artigo 107 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a empresa proposta deberá acreditar a constituición da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

**Cuarto.-** Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.

9º.- **EXPTE. 792/2020. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS "MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA JUAN SALGUEIRO DE SILLEDA".**

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 11 de xuño de 2020 acordouse:



“PRIMEIRO: APROBAR o expediente de contratación, por procedemento aberto, das obras de MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA JUAN SALGUEIRO DE SILLEDA, cun orzamento base de Licitación de:

O orzamento base de licitación para este contrato queda fixado na cantidade de 100.850,66 € (IVE incluído), correspondendo ao importe neto a cantidade de 83.347,66 €, e ao IVE aplicable a cantidade de 17.503,00 €.

SEGUNDO.- Nomear como Director das Obras ó Enxeñeiro de Camiños, redactor do proxecto, Román Gómez Fraiz.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesorería aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Silleda así como na plataforma de contratación do sector público <https://www.contrataciondelestado.es>.

SEXTO.- Publicar no perfil do contratante así como na web <https://www.contrataciondelestado.es>, toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os pregos. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día a publicación do anuncio de licitación.”

Visto que publicado anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Estado e no Perfil do Contratante do Concello de Silleda, no período comprendido entre o 16 de xuño e 29 de xuño de 2020, presentáronse ofertas por parte de:

- Calfensa Proyectos, S.L.
- Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.
- Endenor Mantenimiento y Servicios, S.L.
- Taboada Construcciones y Proyectos, S.L.

Visto o informe técnico emitido polo enxeñeiro de camiños, Román Gómez Fraiz, de data 08 de xullo de 2020.

Vista a Acta da Mesa de Contratación, celebrada o día 09 de xullo de 2020, e unha vez realizada a valoración das ofertas presentadas, o resultado é o seguinte:

“ $P_i = P_{max} [(T \text{ Tipo de licitación} - O_i) / (T \text{ Tipo de licitación} - O_M)]$ ”

P<sub>i</sub>: Puntuación da oferta i

P<sub>max</sub>: Puntuación máxima deste criterio.

O<sub>i</sub>: Oferta i

O<sub>M</sub>: Oferta máxima

Cando exista unha baixa non temeraria igual a un 20% se tomará dito importe como O<sub>M</sub>, en caso contrario  $O_M = T \text{ Tipo de licitación} \times 0,8$

	Oferta económica.	Xuizo de Valor (Sobre B)	Melloras valoradas automáticamente (Sobre C)	Criterios Económicos (Sobre C)	TOTAL
	Tipo licitación	(Máx. 47,5	(Máx. 2,5	(Máx. 50	





	100.850,66 (IVE incluído)	puntos)	puntos)	puntos)	
Calfensa Proyectos, S.L.	85.672,65 €	16,50	2,5	37,62	56,62
Galitec Desarrollos Tecnológicos, S.L.	89.474,96 €	5,25	2,5	28,20	35,95
Endenor Mantenimiento y Servicios, S.L.	90.237,05 €	34,00	2,5	26,31	62,81
Taboada Construcciones y Proyectos, S.L.	90.493,31 €	30,50	1,5	25,67	57,67

Polo exposto a Mesa de Contratación propón ó órgano de contratación a adxudicación da obra **"MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA JUAN SALGUEIRO DE SILLEDA"** a empresa ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L., por presentar a oferta mais ventaxosa para o Concello.

Considerando a oferta mais ventaxosa a presentada por ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.- ACEPTAR** a proposta realicada pola Mesa de Contratación de data 09 de xullo de 2020, en relación a contratación da obra por procedemento aberto de **"MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA JUAN SALGUEIRO DE SILLEDA"**, na que se propón para a contratación a empresa **ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.**, polo prezo de 90.237,05 IVE engadido, así como as melloras incluídas na oferta.

**Segundo.-** Requirir a empresa **ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.** para que, no prazo de cinco días hábiles, seguintes ao da recepción deste acordo, achegue a documentación que establece a cláusula XVIII (requerimento de documentación) do Prego de Cláusulas Administrativas, así como a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

**Terceiro.-** Dacordo co establecido na cláusula VIII (garantía definitiva) do Prego de Cláusulas Administrativas, a empresa proposta deberá constituir unha garantía do 5% do importe de adxudicación, consistindo este en o prezo final de adxudicación polo importe estimado no orzamento do presente prego, excluído o IVE, de conformidade con calquera dos medios establecidos no artigo 108 da LCSP 2017.

**Cuarto.-** Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.

**10º.- EXPTE. 803/2020. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS VESTIARIOS DA PISCINA E DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SILLEDA".**

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 11 de xuño de 2020 acordouse:



“PRIMEIRO: APROBAR o expediente de contratación, por procedemento aberto, das obras de MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS VESTIARIOS DA PISCINA E DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SILLEDA, cun orzamento base de Licitación de:

O orzamento base de licitación para este contrato queda fixado na cantidade de 84.847,91 € (IVE incluído), correspondendo ao importe neto a cantidade de 70.122,24 €, e ao IVE aplicable a cantidade de 14.725,67 €.

SEGUNDO.- Nomear como Director das Obras ó Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesorería aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Silleda así como na plataforma de contratación do sector público <https://www.contrataciondelestado.es>.

SEXTO.- Publicar no perfil do contratante así como na web <https://www.contrataciondelestado.es>, toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os pregos. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día a publicación do anuncio de licitación.”

Visto que publicado anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Estado e no Perfil do Contratante do Concello de Silleda, no período comprendido entre o 16 de xuño e 29 de xuño de 2020, presentáronse ofertas por parte de:

- Endenor Mantenimiento y Servicios, S.L.
- Taboada Construcciones y Proyectos, S.L.
- Construcciones Míguez Xestoso, S.L.

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto municipal, Lino Manuel Doporto Framil, de data 08 de xullo de 2020.

Vista a Acta da Mesa de Contratación, celebrada o día 09 de xullo de 2020, e unha vez realizada a valoración das ofertas presentadas, o resultado é o seguinte:

“ $P_i = P_{max} [(Tipo\ de\ licitación - O_i) / (Tipo\ de\ licitación - OM)]$ ”

P<sub>i</sub>: Puntuación da oferta i

P<sub>max</sub>: Puntuación máxima deste criterio.

O<sub>i</sub>: Oferta i

OM: Oferta máxima

Cando exista unha baixa non temeraria igual a un 20% se tomará dito importe como OM, en caso contrario OM= Tipo de licitación x0,8

	Oferta económica.	Xuizo de Valor (Sobre B)	Melloras valoradas automáticamente (Sobre C)	Criterios Económicos (Sobre C)	TOTAL
	Tipo licitación	(Máx. 47,5	(Máx. 2,5	(Máx. 50	



	84.847,91 (IVE incluido)	puntos)	puntos)	puntos)	
Endenor Mantenimiento y Servicios, S.L.	67.327,64 €	37,00	2,5	50,00	89,5
Taboada Construcciones y Proyectos, S.L.	67.420,15 €	41,00	1,7	49,74	92,44
Construcciones Míguez Xestoso, S.L.	81.217,91 €	34,5	2,5	10,36	47,36

Polo exposto a Mesa de Contratación propón ó órgano de contratación a adjudicación da obra **"MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS VESTIARIOS DA PISCINA E DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SILLEDA"** a empresa TABOADA CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS, S.L., por presentar a oferta mais ventaxosa para o Concello.

Considerando a oferta mais ventaxosa a presentada por TABOADA CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS, S.L., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.- ACEPTAR** a proposta realicada pola Mesa de Contratación de data 09 de xullo de 2020, en relación a contratación da obra por procedemento aberto de **"MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS VESTIARIOS DA PISCINA E DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SILLEDA"**, na que se propón para a contratación a empresa **TABOADA CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS, S.L.**, polo prezo de 67.420,15 IVE engadido, así como as melloras incluídas na oferta.

**Segundo.-** Requirir a empresa **TABOADA CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS, S.L.** para que, no prazo de cinco días hábiles, seguintes ao da recepción deste acordo, achegue a documentación que establece a cláusula XVIII (requerimento de documentación) do Prego de Cláusulas Administrativas, así como a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

**Terceiro.-** Dacordo co establecido na cláusula VIII (garantía definitiva) do Prego de Cláusulas Administrativas, a empresa proposta deberá constituir unha garantía do 5% do importe de adjudicación, consistindo este en o prezo final de adjudicación polo importe estimado no orzamento do presente prego, excluído o IVE, de conformidade con calquera dos medios establecidos no artigo 108 da LCSP 2017.

**Cuarto.-** Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.

**11º.- EXpte. 2008/2019. CONTROL HORARIO.**

**ANTECEDENTES:**

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 04 de decembro de 2019 acordouse:



**“PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado do servizo de Sistema integral que permita controlar e xestionar os horarios, xornadas, tempos de presenza nos respectivos postos de traballo e permisos e vacacións dos empregados/as/as públicos/as do Concello de Silleda, cun orzamento base de Licitación do contrato de 24.587,83 € (ive incluído). O ive alcanza a cantidade de 4.267,31 euros, o **valor estimado** do contrato ascende á contía de 20.320,52 euros (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións do mesmo (contrato por un ano con posibilidade de prórroga ata catro anos)

5.080,13 € (ive excluído/ano) = IMPORTE ANUAL SEN IVE  
6.146,96 € (ive 21% incluído/ano)= IMPORTE ANUAL IVE INCLUÍDO

**SEGUNDO.-** Autorizar a contía con cargo á aplicación orzamentaria 920-22799, do estado de gastos do Orzamento Municipal.

**TERCEIRO.-** Aprobar o Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, e prego de prescricións técnicas que constan no expediente 2008/2019 de Gestiona.

**CUARTO.** Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesorería aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

**QUINTO.** Publicar eo anuncio de licitación no perfil do contratante así como na web <http://www.contratosdegalicia.com>, co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público

**SEXTO.** Publicar no perfil do contratante así como na web <http://www.contratosdegalicia.com>, toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o priego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día a publicación do anuncio de licitación.”

Visto que publicado anuncio de licitación presentáronse ofertas por parte de:

- Ecocomputer, S.L.
- MHP Servicios de Control, S.L.
- Avanti Servicios Informáticos, S.L.
- Reproutlet, S.L.
- Evelb Técnicas y Sistemas, S.L.
- Sistemas de Seguridade A1, S.L.

Vista a Acta da Mesa de Contratación, celebrada o día 11 de xuño de 2020, na que propón ao Órgano de Contratación como adxudicataria do SERVIZO INTEGRAL DE CONTROL E XESTIÓN DE HORARIOS, XORNADAS, PRESENZA, PERMISOS E VACACIÓNS, á Empresa ECOCOMPUTER, S. L.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xuño de 2020 acordouse:

**“Primeiro.-** ACEPTAR a proposta realizada pola Mesa de Contratación de data 11 de xuño de 2020, en relación a contratación do contrato de servizos por procedemento aberto simplificado do "SERVIZO INTEGRAL DE CONTROL E XESTIÓN DE HORARIOS, XORNADAS, PRESENZA, PERMISOS E VACACIÓNS", na que se propón para a contratación a empresa ECOCOMPUTER, S.L., polo prezo de 17.211,48 € (ive incluído). O ive alcanza a cantidade de 2.987,12 euros, o valor estimado do contrato ascende á contía de 14.224,36 euros (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións do mesmo (contrato por un ano con posibilidade de prórroga ata catro anos)

3.556,09 € (ive excluído/ano) = IMPORTE ANUAL SEN IVE



4.302,87 € (ive 21% incluído/ano)= IMPORTE ANUAL IVE INCLuíDO

*Segundo.- Requirir a empresa ECOCOMPUTER, S.L.. para que, segundo establece a cláusula décimo sexta do Prego de Cláusulas Administrativas, dentro do prazo de sete días hábiles desde a data de recepción deste acordo, constitúa a garantía definitiva, así como para que aporte o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP, así como a presentación da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 140.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.*

*Terceiro.- Dacordo co establecido na cláusula décimo séptima do Prego de Cláusulas Administrativas e no artigo 107 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a empresa proposta deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.*

*Cuarto.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante."*

Visto que mediante escrito con Rexistro de Saída 2020-S-RE-311, de data 15 de xuño de 2020 requírese ao licitador que presentou a oferta economicamente máis ventaxosa que presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia a cláusula décimo sexta do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así como a constitución da garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada 2020-E-RC-1932, de data 22-06-2020 a candidata ECOCOMPUTER, S.L. constituíu a garantía definitiva polo importe de 711,22.- €, mediante aval n.º 30.685 de Caja Rural de Asturias, de fecha 17 de junio de 2020 así como o resto da documentación esixida.

Visto o intervido e conforme da Intervención de data 29 de xuño de 2020.

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro: Adxudicar definitivamente** á empresa ECOCOMPUTER, S.L. o contrato do **"SERVIZO INTEGRAL DE CONTROL E XESTIÓN DE HORARIOS, XORNADAS, PRESENZA, PERMISOS E VACACIÓNS"**, nas condicións do expediente aprobado por acordo desta Xunta de Goberno Local do 04 de decembro de 2019 e o acordo adoptado na sesión do 11 de xuño de 2020, sendo polo prezo de 17.211,48 € (ive incluído). O ive alcanza a cantidade de 2.987,12 euros, o valor estimado do contrato ascende á contía de 14.224,36 euros (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións do mesmo (contrato por un ano con posibilidade de prórroga ata catro anos)

3.556,09 € (ive excluído/ano) = IMPORTE ANUAL SEN IVE

4.302,87 € (ive 21% incluído/ano)= IMPORTE ANUAL IVE INCLuíDO

**Segundo:** Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.



## 12º.- DEVOLUCIÓN DE AVAIS.

**12.1.- Expte. 1552/2019. Devolución de Aval.** Visto o escrito de M<sup>a</sup> Carmen Vilela Méndez, en representación de ELECTRICIDAD ARTEAGA GRES, S.L., Rexistro de Entrada nº 2019-E-RC-3790, de data 04 de setembro de 2019, solicitado devolución de aval correspondente a obra de RENOVACIÓN DO SISTEMA DE ILUMINACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DE BANDEIRA-SILLEDA, por importe de 1.762.64 € do Banco Pastor S.A., nº de aval 08212-00672, realizado o 29 de agosto de 2014.

**VISTO** que por parte do Concello non existe reparo algún para devolución solicitada.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA Proceder a devolución do AVAL de **ELECTRICIDAD ARTEAGA GRES, S.L.**, correspondente a obra de RENOVACIÓN DO SISTEMA DE ILUMINACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DE BANDEIRA-SILLEDA, por importe de 1.762.64 € do Banco Pastor S.A., nº de aval 08212-00672, realizado o 29 de agosto de 2014.

**12.2.- Devolución de Aval.** Visto o escrito presentado mpor ESPINA Y DELFÍN, S.L., Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-1409, de data 28 de marzo de 2018, solicitado devolución dos seguintes avais:

- Aval nº 160 do Banco Bilbao Vizcaya, S.A., por importe de 5.000.000 Pts (30.050,614 €), en concepto de fianza definitiva do contrato "XESTIÓN INDIRECTA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE SILLEDA", constituído en data 01 de agosto de 1996.

- Aval nº 8553/0460 do Banco de Galicia, S.A., por importe de 3.126,29 €, en concepto de fianza definitiva do contrato "XESTIÓN INDIRECTA DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS", constituído en data 17 de febreiro de 2003.

- Aval nº 0049 0252 38 2110000303 do Banco Santander S.A., por importe de 1.200,00 €, en concepto de garantía provisional da "XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS MEDIANTE A EXPLOTACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA ESTACIÓN DEPURADORA (EDAR) DO CONCELLO DE SILLEDA", constituído en data 14 de xullo de 2014.

**VISTO** que por parte do Concello non existe reparo algún para devolución solicitada.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA proceder a devolución dos avais de ESPINA Y DELFÍN S.L. que se enumeran a continuación:

- Aval nº 160 do Banco Bilbao Vizcaya, S.A., por importe de 5.000.000 Pts (30.050,614 €), en concepto de fianza definitiva do contrato "XESTIÓN INDIRECTA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE SILLEDA", constituído en data 01 de agosto de 1996.





- Aval nº 8553/0460 do Banco de Galicia, S.A., por importe de 3.126,29 €, en concepto de fianza definitiva do contrato "XESTIÓN INDIRECTA DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS", constituído en data 17 de febreiro de 2003.

- Aval nº 0049 0252 38 2110000303 do Banco Santander S.A., por importe de 1.200,00 €, en concepto de garantía provisional da "XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS MEDIANTE A EXPLOTACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA ESTACIÓN DEPURADORA (EDAR) DO CONCELLO DE SILLEDA", constituído en data 14 de xullo de 2014.

### 13º.- URBANISMO.

#### 13.1.- **EXPTE. 937/2020. Cambio de titularidade da actividade do establecemento sito na rúa Cartaxena, nº 13 baixo (Silleda) a favor de ALBERTO JOSÉ GÓMEZ COLLAZO.**

Visto o escrito presentado por Alberto José Gómez Collazo, Rexistro de Entrada nº 2143, de data 01 de xullo de 2020, solicitando cambio de titularidade a seu favor da licenza de actividade do establecemento sito na rúa Cartaxena, nº 13 baixo (Silleda)

Visto que a solicitude adxunta autorización do titular do local, Rubén Colmeiro Navaza, para a transmisión da mencionada licenza.

Visto que, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de marzo de 2016 acordou:

*"Primeiro.- Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento para Discoteca, sita na rúa Cartaxena, nº 13 baixo (Silleda), pasando a ser o novo titular da licenza de apertura RUBÉN COLMEIRO NAVAZA con DNI xx.xxx.xxx-x."*

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA

Primeiro.- Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento para Discoteca, sita na rúa Cartaxena, nº 13 baixo (Silleda), pasando a ser o novo titular da licenza de apertura ALBERTO JOSÉ GÓMEZ COLLAZO con DNI xx.xxx.xxx-x.

#### 13.2.- **EXPTE. 602/2020. Cambio de titularidade da actividade do establecemento sito na rúa Venezuela, nº 18 (Silleda) a favor de DIA RETAIL ESPAÑA, S.A.**

Visto o escrito presentado por Lucía Maricalva Redondo, en representación de DIA RETAIL ESPAÑA, S.A., Rexistro de Entrada nº 2020-E-RC-1266, de data 13 de abril de 2020, solicitando cambio de titularidade a seu favor da licenza de actividade do establecemento sito na rúa Venezuela, nº 18 (Silleda)

Visto que a solicitude adxunta acordo de cesión de contratos asinado entre Distribuidora Internacional de Alimentación, S.A. y DIA Retail España S.A., de data 26 de decembro de 2019.

Visto que, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22 de marzo de 2013 acordou:



“A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación e o acordo da Xunta de Goberno Local do 31 de maio de 2012 acorda: a concesión de licenza de actividade definitiva a DISTRIBUIDORA INTERNACIONAL DE ALIMENTACIÓN, S.A. (DIA, S.A.), para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a supermercado de alimentación, a situar na rúa Venezuela, nº 18 (Silleda).”

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA

Primeiro.- Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de actividade do establecemento sito na rúa Venezuela, nº 18 (Silleda), pasando a ser o novo titular da licenza de actividade DIA RETAIL ESPAÑA, S.A.

### 13.3.- Expte. 665/2020. Prórroga de licenza. José Lamazares López.

Vista a solicitude de prórroga de licenza, presentada por JOSÉ LAMAZARES LÓPEZ, Rexistro de Entrada nº 2019-E-RC-1385 de data 12 de maio de 2020, para reforma en alpendre dentro do conxunto da Casa Grande de Casanova, sita no lugar de O Barro, nº 2, parroquia de Parada (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 13 de marzo de 2017, acordouse:

“- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a JOSÉ LAMAZARES LÓPEZ para reforma en alpendre dentro do conxunto da Casa Grande de Casanova, sita no lugar de O Barro, nº 2, parroquia de Parada (Silleda), parcela con referencia catastral 36052S508009750000KZ, dacordo co informe anteriormente transcrito.”

**Visto** o informe emitido o 01 de xullo de 2020 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

Solicitante	José Lamazares López		
Data de rexistro	12.MAIO.2020	Nº 2020-E-RC-1385	Expediente 665/2020
Emprazamento	O Barro, nº2, Parada		
Referencia catastral	36052S508009750000KZ		
ASUNTO:	Solicitude de prórroga de licenza		

#### ANTECEDENTES

1. Amósaseme para informe técnico a solicitude presentada por José Lamazares López, con rexistro de entrada 2020-E-RC-1385 de día 12.MAIO.2020.

2. O artigo 145 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia sinala o seguinte:

##### Artigo 145. Caducidade das licenzas

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.



4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

INFORME:

3. Vista a solicitude presentada, en tempo e forma, e dado que a ordenación urbanística non sufriu alteracións desde o momento da concesión da licenza (Xunta de Goberno Local de día 13 de marzo de 2017), polo que se entende que procede a concesión da prórroga solicitada, salvo mellor criterio.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA conceder a prórroga solicitada por JOSÉ LAMAZARES LÓPEZ para a execución da obra “reforma en alpendre dentro do conxunto da Casa Grande de Casanova, sita no lugar de O Barro, nº 2, parroquia de Parada (Silleda), na parcela con referencia catastral 36052S508009750000KZ”.

**13.4.- Expte. 483/2020. Licenza para legalización de ampliación de instalación en explotación de gando vacún de leite, sen aumento de número de animais. LUIS CEJO FERREIRO.**

Vista a solicitude de licenza, presentada por LUIS CEJO FERREIRO, Rexistro de Entrada nº 2020-E-RE-79 de data 13 de marzo de 2020, para legalización de ampliación de instalación en explotación de gando vacún de leite, sen aumento de número de animais, no lugar de Os Chaos, parroquia de Cortegada (Silleda), segundo proxecto do enxeñeiro técnico agrícola Ramón Moreira García.

Visto o informe técnico emitido o 16 de xuño de 2020 polo arquitecto Lino Manuel Doportó Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante	Cejo Ferreiro, Luis		
Data de rexistro	13.MAR.2020	Nº 2020-E-RE-79	Expediente 483/2020
Solicitude	Legalización de ampliación de instalacións en explotación de gando vacún de leite, sen aumento de número de animais		
Emprazamento	Os Chaos, Cortegada		
Referencia catastral	36052A071006740000KO		Coordenadas UTM 29 ETRS89:
Parcela rexistral	n/d		X: 563217.40 E Y: 4722809.69 N
Clase de solo	Solo rústico de especial protección agropecuaria		Superficie construída: 600 m2
Autor do Proxecto	Ramón Moreira García, enxeñeiro técnico agrícola Colexiado 1.666		
Proxecto	De Legalización Visado polo Colexio Oficial 10/03/2020, nº 65/20		
Dirección de Obra	n/d		
Dirección de Execución	n/d		
Orzamento (P.E.M.)	24.898,12 €		P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 211.582,80 € €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia



- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
  - 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
  - 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
  - 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
  - 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
  - 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. Emítase informe técnico sobre o expediente 483/2020, de solicitude de licenza asinada por Cejo Ferreiro, Luis, presentada con R.E. 2020-E-RE-79 de 13.MAR.2020. Aporta unha copia de proxecto de legalización asinado por Ramón Moreira García, enxeñeiro técnico agrícola colexiado 1.666.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas<sup>1</sup> durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras.
4. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: "Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel".
5. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumpre as exixencias básicas do CTE "poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adoitar solucións alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumpre as exixencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB".
6. O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3



do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.

7. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

**INFORME TÉCNICO:**

8. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo rústico. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Legalización de ampliación de instalacións en explotación de gando vacún de leite, sen aumento de número de animais, está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria.

9. O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, non establece afeccións que deban ser tomadas en consideración.

10. O uso solicitado encadra dentro do artigo 35.1.h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas. da Lei do solo de Galicia e sería autorizable por licenza municipal directa segundo o artigo 36, salvo mellor criterio.

11. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

<b>Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.</b>	<b>CUMPRE</b>
---	---------------

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corraxir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no

	SI
	SI
	SI
	SI





centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta.

Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).

- A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.

- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.

A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

**Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.**

**CUMPRE**

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos,

SI

Non procede

Non procede

SI

35.1.h)





ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

	SI
	SI
	SI
	Non procede

#### Artigo 92. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

	N/d
	SI

12. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental**.

13. Canto aos **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito, non son de aplicación nos supostos de rehabilitación do artigo 40, salvo o límite de altura, que si se cumpre no proxecto**.

14. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LSG	Plan Xeral 2016	Cumpre
Superficie mínima de parcela	39600	2000	2000	SI
Altura de cornixa	5,00 m	7,00 m	7,00	SI
Ocupación máxima	7,45%	20%	20%	SI
Superficie ocupada en planta				SI
Número máximo de plantas	B	B+1	B+1	SI
Recuamento a lindeiros	> 5 m	5 m	5 m	SI
Separación a vía pública	> 4 m	4 m	4 m	SI
Acceso rodado	Si	Si	Si	SI

15. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o abastecemento de auga, xa que non é o obxecto do proxecto a rehabilitación da vivenda.

16. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inexacto o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de



520,00 €/m<sup>2</sup>, para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

**Cálculo de presuposto de execución material**

	nº	Sup.	€/m <sup>2</sup>	Tipo de obra	C <sub>t</sub>	Tipo de uso	C <sub>u</sub>	C <sub>g</sub>	
PLanta Baixa	1	1370,00	520	Agrupación en fila ou fileira	1,1	Granxas	0,3	0,9	211.582,80 €
<b>TOTAL</b>		1370,00m <sup>2</sup>					PEM		211.582,80 €

**Taxas**

ICIO	2,25% de	211.582,80 €	4.760,61 €
Informe técnico			60,00 €
			<b>TAXA 4.820.61 €</b>

17. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

18. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

**Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Legalización de ampliación de instalacións en explotación de gando vacún de leite, sen aumento de número de animais solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.**

Dada a proximidade dun elemento catalogado polo Plan Xeral, estímase conveniente a execución do remate das fachadas da explotación, executados en materiais prefabricados non destinados ao seu acabado visto, mediante o enfoscado e pintado das súas superficies; así como o recubrimento de tella curva das cubertas que actualmente só teñen pranchas de fibrocemento sen ningún outro tipo de acabado.

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) **A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.**

d) **As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.**

e) **Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.**

**Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:**

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:



**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal a LUIS CEJO FERREIRO para legalización de ampliación de instalación en explotación de gando vacún de leite, sen aumento de número de animais, no lugar de Os Chaos, parroquia de Cortegada (Silleda), parcela con referencia catastral 36052A071006740000KO, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que:

Dada a proximidade dun elemento catalogado polo Plan Xeral, estímase conveniente a execución do remate das fachadas da explotación, executados en materiais prefabricados non destinados ao seu acabado visto, mediante o enfoscado e pintado das súas superficies; así como o recubrimento de tella curva das cubertas que actualmente só teñen pranchas de fibrocemento sen ningún outro tipo de acabado.

Segundo o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Asimesmo, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.

Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

**Segundo.-** Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras ( ICIO ) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	60,00	0,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
24.898,12	211.582,80	2,25 %	4.760,61	561,00	4199,61

**Terceiro.-** Prazos de ingreso e Medios de pago



## Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

## Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

**Cuarto.-** Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxizo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

### **13.5.- Expte. 400/2020. Licenza para construción de nave e estercolero, para ampliación de explotación avícola de carne, menor dun 50% da produción actual. PRESBLAN, S.L.**

Vista a solicitude de licenza, presentada por Iván Fernández Poral, en representación de PRESBLAN, S.L., Rexistro de Entrada nº 2019-E-RC-435 de data 12 de decembro de 2019, para construción de nave e estercolero, para ampliación de explotación avícola de carne, menor dun 50%



da produción actual, no lugar de A Veiga, parroquia de Parada (Silleda), segundo proxecto básico e de execución do enxeñeiro técnico agrícola Ramón Moreira García.

Visto o informe técnico emitido o 25 de xuño de 2020 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante Iván Fernández Porral, en representación de PRESBLAN S.L.  
Data de rexistro 12.DEC.19 N° 2019-E-RE-435 Expediente 400/2020  
Solicitud Proxecto Técnico de nueva construción de nave y estercolero, para ampliación de explotación avícola de carne, menor dun 50% da produción actual  
Emprazamento Lugar A Veiga, Parroquia de Parada, Ayuntamiento de Silleda, Pontevedra  
Referencia catastral 36052S509012830000KS Coordenadas UTM 29 ETRS89:  
Parcela rexistral X: 564.007,07 Y: 4.719.085,43  
Clase de solo Solo rústico de especial protección agropecuaria Superficie construída: 2.830,90 m2  
Autor do Proxecto Ramón Moreira García, Enxeñeiro Técnico Agrícola, Colexiado nº 1.666  
Proxecto Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 29.NOV.2019  
Dirección de Obra Ramón Moreira García  
Oficio de Dirección Visado polo Colexio Oficial 15.DEC.2019  
Orzamento (P.E.M.) 195.207,33 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010:

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamente de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
  - 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
  - 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
  - 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
  - 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
  - 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
  - 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
  - 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
  - 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
  - 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes





ANTECEDENTES:

1. Emitese informe técnico sobre o expediente 400/2020, de solicitude de licenza asinada por Iván Fernández Porral, en representación de PRESBLAN S.L., presentada con R.E. 2019-E-RE-2019 de 12.DEC.19. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Ramón Moreira García, Enxeñeiro Técnico Agrícola, Colexiado nº 1.666.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas<sup>1</sup> durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras.

4. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: “Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel”.

5. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumpre as exixencias básicas do CTE “poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adoitir solucións alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumpre as esixencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB”.

**6. O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.**

7. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

8. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico de especial protección agropecuaria**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Proxecto Técnico de nueva construción de nave y estercolero, para ampliación de explotación avícola de carne, menor dun 50% da produción actual, está clasificado como solo rústico de protección agropecuaria**.

